

## **PREGARIA POL@S DEFUNT@S**

“Quen cree en min, ten vida eterna  
E eu resucitareino no derradeiro día”  
(Xoán 6,40)

Dámosche grazas, Señor, polos nosos irmáns e irmás defuntos, que viviron ao noso carón, e cos que compartimos os camiños desta terra.

Dámosche grazas: pola amizade que nos agasallaron, pola paz que sementaron ao noso arredor, pola vida que compartiron connosco.

Rogámosche que nada das súas vidas se perda, que as súas boas obras nos sirvan de exemplo.

Para nós as súas vidas valeron a pena, acólleos agora Ti, Señor, no teu Reino. Amén.

## **NOSO PAI QUE ESTÁS...**

Ao amparo da túa man, Pai de bondade, encomendamos a ...  
*(nomeamos ás persoas polas que oramos)*, coa firme esperanza de que resucitarán, con todos os que morreron en Cristo, El, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## **PREGARIAS ESPERANZADAS**

Señor Xesús, co corazón doído,  
acompañas á familia  
do teu amigo Lázaro:  
nós, co corazón doído,  
queremos estar á beira  
de quen perde a seres queridos

Señor Xesús, con tenrura,  
compadéceste da viuva de Naín:  
nós, con tenrura,  
lembramos aos que morren  
na necesidade e na inxustiza

Señor Xesús, con coherencia,  
dásnos vida dende a cruz:  
nós, coa oración e na vida,  
acompañamos aos que viven  
crucificados na soidade

Señor Xesús,  
con esperanza e dende a cruz,  
pos a túa vida nas mans de Deus Pai  
nós, con esperanza,  
recordamos aos defuntos e  
confiámonos nas mans de Deus Pai.

